



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Bioquímica II	Código	610G02012	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Bioloxía			
Coordinación	Gonzalez Siso, María Isabel	Correo electrónico	isabel.gsiso@udc.es	
Profesorado	Cerdan Villanueva, María Esperanza De Castro De Antonio, María Eugenia Fernández Bertólez, Natalia Freire Picos, María Ángeles Gonzalez Siso, María Isabel Pérez Martínez, José Manuel	Correo electrónico	esper.cerdan@udc.es m.decastro@udc.es natalia.fernandezb@udc.es maria.freirep@udc.es isabel.gsiso@udc.es jose.manuel.perez@udc.es	
Web	ciencias.udc.es/bcm			
Descrición xeral	Os contidos da asignatura proporcionan ó estudante a información básica das reaccións bioquímicas, catálise, e metabolismo. O seu estudo no segundo curso do grao permitirá ó alumno ter o coñecemento básico necesario para comprender os mecanismos moleculares que rexen moitas respostas nos seres vivos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Comprender e describir os mecanismos mediante os que os fermentos (enzimas) actúan como catalizadores biolóxicos.	A8	B1	
Deseñar, combinando a metodoloxía de prácticas e os fundamentos teóricos, sistemas de purificación e análise de enzimas.	A10	B2	
Apreciar a importancia dos sistemas de obtención de enerxía no mantemento da vida. Coñecer as principais rutas metabólicas na célula e a súa regulación. Desenrolar a súa capacidade de relacionar unhas rutas coas outras.	A26	B3	
	A29	B4	
	A30	B5	
	A31	B7	
		B10	
		B11	
		B13	

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Os enzimas como catalizadores Biolóxicos.	Características estruturales que lles confiren vantaxes fronte a catalizadores químicos. Coenzimas e iones metálicos. Mecanismos de reacción. Anticorpos como catalizadores. Ribozimas.
Tema 2. Cinética das reaccións químicas.	Reaccións monosustrato e cinética de Michaelis-Menten. Transformacións da ecuación de Michaelis. Cinética das reaccións bisustrato. Inhibidores de unión irreversible exemplos e aplicacións. Inhibición Reversible: tipos de inhibición. Cinética en presenza de inhibidores.



Tema 3: Regulación da actividade enzimática.	Importancia da regulación do metabolismo. Os enzimas alostéricos. Modificación covalente. Isoenzimas. Zimógenos ou proenzimas.
Tema 4: Metodoloxía para a determinación de actividades enzimáticas.	Ensaio directos e indirectos. Purificación de enzimas: actividade específica, rendemento e factor de purificación. Importancia e aplicacións actuais da enzimoloxía.
Tema 5: Introdución ó metabolismo.	Rotas anabólicas e catabólicas. Compartimentalización. Necesidade de coordinación e interrelación entre as distintas rotas, e variabilidade entre especies. Niveis de obtención de enerxía. Metodoloxía para o estudo de rotas metabólicas. Niveis de estudo.
Tema 6: Transporte de metabolitos a través das membranas celulares.	Tipos de transporte en función do gasto enerxético. Datos estruturais de transportadores. Exemplos con metabolitos específicos
Tema 7: Obtención de enerxía química.	Reaccións de oxidación redución na produción de enerxía. Coenzimas implicados. Xeneración de ATP: fosforilación a nivel de sustrato, fosforilación oxidativa e fosforilación fotosintética como sistemas de obtención de enerxía. Estudo polo miúdo de fosforilación oxidativa e fosforilación fotosintética.
Tema 8: Glicólise e catabolismo de hexosas.	Localización das rotas. Etapas e regulación da vía. Fermentacións. Relación coa rota das pentosas fosfato.
Tema 9: Ciclo de Krebs.	Localización da rota. Conversión de piruvato en acetil-CoA. Estudo do complexo piruvato deshidrogenasa e interrelación con outras rotas. Rotas anapleróticas, importancia das lanzadeiras mitocondriais e balances.
Tema 10: Gluconeoxénese.	Definición e localización, necesidade metabólica desta rota. Gluconeoxénese a partir de: piruvato, lactato, aminoácidos e triglicéridos. Ciclo do glioxalato.
Tema 11: ?Fase obscura? da fotosíntese. Relación coa gluconeoxénese.	O Ciclo de Calvin. Fotorrespiración. Regulación. A vía C4 das plantas tropicais. O metabolismo ácido das crasuláceas. Metabolismo da sacarosa e o almidón.
Tema 12: Metabolismo do glucóxeno.	O glucóxeno como polisacárido de reserva. Biosíntese e degradación de glucóxeno muscular e hepático. Regulación. O papel do fígado no mantemento da glucemia. Anomalías conxénitas do metabolismo do glucóxeno
Tema 13: Metabolismo de lípidos.	Catabolismo de lípidos: lipólise, beta-oxidación. Biosíntese de ácidos grasos, triglicéridos, lípidos de membrana e esteroides. Regulación do metabolismo de lípidos. Metabolismo de corpos cetónicos.
Tema 14: Metabolismo de aminoácidos.	Dixestión e degradación intracelular de proteínas. Eliminación do nitróxeno dos aminoácidos: transaminación, desaminación. Ciclo da urea. Transporte do amoníaco ó fígado. Destino do esqueleto carbonado dos aminoácidos. Biosíntese de aminoácidos: procedencia do nitróxeno e do esqueleto carbonado. Regulación
Tema 15: Derivados de aminoácidos.	Funcións precursoras dos aminoácidos: aminos con actividade biolóxica, glutatión, porfirinas. Metabolismo de nucleótidos púricos e pirimidínicos. Regulación
Tema 16: Integración do metabolismo.	Perfis metabólicos dos órganos máis importantes. Conexións entre as rotas: glucosa-6-fosfato, piruvato e acetilCoA. Adaptacións metabólicas as situacións de estrés. Xexun, exercicio físico.
Tema 17: Regulación hormonal do metabolismo.	As hormonas como mensaxeiros químicos. Segundos mensaxeiros. Dianas metabólicas da acción hormonal. Receptores hormonais. Sistema da adenilato ciclase. Sistema da fosfolipasa. Dimerización de receptores

### Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
-----------------------	---------------------------	---	-------------------------	--------------



Sesión maxistral	A10 B1 B3 B4 B7 B10 B11 B13	28	56	84
Solución de problemas	A10 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B10 B11 B13	8	16	24
Prácticas de laboratorio	A8 A26 A30 A31 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B10 B13	15	22.5	37.5
Proba mixta	A8 A10 A26 B2 B3 B7 B13	2	0	2
Atención personalizada		2.5	0	2.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Solución de problemas	Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.
Prácticas de laboratorio	Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.
Proba mixta	Exame que integra preguntas tipo de probas de ensaio, preguntas tipo de probas obxetivas así como resolución de casos e problemas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A atención personalizada levaráse a acabo ao longo do curso e previa solicitude do estudante.
Solución de problemas	A forma de traballo para adquirir as competencias e preparar a proba mixta, a orientación da resolución de problemas e interpretación de resultados das prácticas, así como calquera outra cuestión que xurda por parte do estudante, orientarásese mediante esta atención personalizada.
Prácticas de laboratorio	Os estudantes con dedicación a tempo parcial ou con dispensa de asistencia deberán contactar cos profesores da materia a principio de curso para establecer un calendario de actividades que permitan adquirir e avaliar de forma conveniente as competencias da materia.
Proba mixta	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A10 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B10 B11 B13	Traballo do alumno en grupos reducidos e controis	20
Prácticas de laboratorio	A8 A26 A30 A31 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B10 B13	Participación e Exame.	15



Proba mixta	A8 A10 A26 B2 B3 B7 B13	Avaliaranse os coñecementos adquiridos polos alumnos tanto nas sesións maxistras como en clases de problemas.	65
-------------	----------------------------	---	----

### Observacións avaliación

**PRÁCTICAS:** A asistencia ás prácticas de laboratorio é obrigatoria para aprobar a materia. Para a súa cualificación valorarase a asistencia e traballo nas prácticas (5 puntos/15) e as competencias adquiridas mediante un exame de prácticas (10 puntos/15). A asistencia pode validarse, previa solicitude, pola que xa se completou no curso inmediatamente anterior.

**GRUPOS REDUCIDOS:** A asistencia e participación en grupos pequenos (resolución de problemas) son valoradas a través do traballo do estudante nos grupos, a elaboración de esquemas e controis programados.

#### CUALIFICACIÓN EN AVALIACIÓN CONTINUA:

Ademais das prácticas e as actividades en grupos reducidos, programarase a lo menos un exame parcial (Enzimoloxía ) no que poderase ir liberando partes da asignatura que polo tanto, si se aproban, non será necesario repetir na proba mixta das convocatorias oficiais.

Para poder superar a materia será necesario acadar polo menos o 50% da puntuación correspondente á proba mixta. Acadado este valor engádense as puntuacións correspondentes ao resto das actividades. Por debaixo deste valor, a puntuación máxima final obtida non pode ser superior a 4. Na

avaliación de xullo, as cualificacións das partes aprobadas no exame de xaneiro (Enzimoloxía / Metabolismo / Prácticas) pódense manter e presentarse só ás partes pendentes. AVALIACIÓN GLOBAL: Os estudantes que renuncien á avaliación continua deberán solicitar unha avaliación global polo menos 15 días antes da data oficial da convocatoria (xaneiro / xullo). Nesta avaliación non se toman en conta as notas das actividades senón un exame global (Teoría, Problemas e Prácticas). Os alumnos con dedicación a TEMPO PARCIAL ou EXENCIÓN DE ASISTENCIA,

solicitados oficialmente na matrícula, serán avaliados nesta modalidade.

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo? , ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

**CUALIFICACIÓN MH:** Distribuirase de preferencia entre os estudantes que cumpran os requisitos na avaliación de xaneiro.

Para ós/ás estudantes que soliciten a CONVOCATORIA ADIANTADA DE DECEMBRO, aplicarase a normativa, segundo a cal rixe a guía docente do curso en vigor.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	- Feduchi, Blasco, Romero y Yáñez (2011). Bioquímica, conceptos esenciales. Panamericana - Lehninger, Nelson y Cox (2006). Principios de Bioquímica. Omega - Stryer, Berg y Tymoczko (2009). Bioquímica 6ª Edn. Reverte - Tymoczko, Berg, Stryer (2014). Bioquímica curso básico. Reverté No moodle da asignatura inclúiranse e actualízanse ligazóns a páxinas web e outras fontes bibliográficas. Plan de continxencia: Non se modifican por estar dispoñibles no Moodle da asignatura.
<b>Bibliografía complementaria</b>	- Melo y Cuamatzi (2004). Bioquímica de los procesos metabólicos. Reverté-UAM Xochimilco  

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química/610G02001

Bioquímica I/610G02011

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

#### Materias que continúan o temario

Bioquímica e Bioloxía Molecular/610G02013

Fundamentos bioquímicos de biotecnoloxía/610G02014

### Observacións



Recórdase que para a obtención de matrícula terán preferencia as mellores notas da primeira oportunidade.&nbsp;Non se admitirá asistir a clase con comidas nin bebidas.&nbsp;Recoméndase asistir ás clases e utilizar as tutorías individuais para mellorar o éxito na asignatura. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co punto 6 da "Declaración Ambiental da Facultade de Ciencias (2020)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a. Solicitaranse maioritariamente en formato virtual e soporte informático.b. De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías